

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE UN CONDUTOR OPERADOR DE MAQUINARIA FORESTAL: CONDUTOR DE TRACTOR, A XORNADA COMPLETA, PARA A COLABORACIÓN NA DELEGACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAL (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO)

Na Casa do Concello de Mondoñedo, sendo as nove e trinta horas do día 24 de agosto de 2020, constitúese o Tribunal cualificador do PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE UN CONDUTOR OPERADOR DE MAQUINARIA FORESTAL: CONDUTOR DE TRACTOR, A XORNADA COMPLETA, PARA A COLABORACIÓN NA DELEGACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAL (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO). En primeiro lugar realizase a valoración de méritos, rematando ás 11:30 a sesión.

Na Casa do Concello de Mondoñedo, sendo as nove e trinta horas do día 25 de agosto de 2020, no Salón de Plenos da Casa do Concello, están citados os candidatos admitidos para a realización da proba da fase de oposición. Non se presenta ningún candidato.

Preside o acto D. Alberto Pérez Cuba (empregado da brigada de obras municipal). O secretario do tribunal é José Manuel Otero Corral (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local) asistindo como vogais D. Manuel Alonso Alonso, empregado da brigada de obras municipal e Montserrat López González (Traballadora Social). D. Raúl Benito González-Redondo Ares (Animador Deportivo), auséntase por motivos profesionais.

Realizada en sesión non pública a valoración dos méritos acreditados polos candidatos admitidos segundo o baremo contido nas Bases da Convocatoria (Base Oitava.-Concurso-Oposición: valoración de méritos e dado que non se presenta ningún candidato para o emprego) obtívose o resultado seguinte:

CONDUTOR TRACTOR					
Apelidos e Nome	DNI	CONCURSO (Máx. 8 ptos)	PROBA OPOSICIÓN (Máx. 12 ptos)	PROBA GALEGO	TOTAL
BARRERA DÍAZ, MANUEL MARÍA	***3761**	0,45	NP	CELGA 3	NP
CABADO RICO, ÓSCAR	***6922**	0,61	NP	0,00	NP
DÍAZ INSUA, JAVIER	***5744**	0,27	NP	CELGA 4	NP
VÁZQUEZ CHAO, VICENTE	***8226**	0,15	NP	CELGA 3	NP

Á vista do resultado da baremación, o Tribunal Cualificador acordou propoñer como deserta a convocatoria para cubrir o emprego de carácter laboral temporal de un condutor operador de maquinaria forestal: condutor de tractor, a xornada completa, para a colaboración na Delegación de Obras e Servizos Municipal (Programa Fomento do Emprego 2019 da Deputación Provincial de Lugo)

E para que conste, aos efectos oportunos, esténdese a presente acta que en proba da súa conformidade asinan os membros do Tribunal Cualificador, e de todo o que, como secretario, certifico.



The image shows three handwritten signatures in blue and green ink, and a circular official stamp of the Concello de Mondoñedo. The stamp contains the text "CONCELLO DE MONDOÑEDO" and a central emblem.